



Axudoume a pensar

25 de Maio, 2023 - 08:32 h. | Publicada por Radio Fene

“A miña pel é impostura, un disfrace, un refuxio primixenio e oco, unha cova calada desconectada das outras peles, un embrión flotando no formol”. Son versos do libro *Fraxilidades* de Gisela Mato, publicado por Espiral Maior logo de recibir o Premio de Poesía Pérez Parallé. Falamos desta obra no clube de lectura de Radio Fene-Radiofusión.

ESCOITA O PODCAST:

<http://173.255.131.18/audio/240523MATO.mp3>



A profesora, escritora e filósofa, **Remedios Zafra**, inspira boa parte das composicións de *Fraxilidades*. “Cadrei con esta autora baixo a recomendación dunha compañeira. É unha ensaísta brillante, unha das pensadoras máis importantes do país. *Fráxiles*, o seu ensaio sobre a ansiedade está redactado en forma de cartas a posibles lectoras do seu libro anterior *El Entusiasmo*.”

Chamoume moito a atención o que contaba, como o contaba e ordenou moitas cousas que me pasaban a min pola cabeza e polo corpo. Axudoume moito a pensar”, explica **Gisela Mato** a Andrés C. M. Riveira, Ana Varela e Henrique Sanfiz.

Na imaxe, Gisela Mato nos estudos de Radio Fene.

Fotografía: Xan Xe.